

## COMENTARIO

Para realizar un comentario de textos atenderemos aos seguintes pasos:

### 1. Lectura e Información

### 2. Localización

- a) Xénero literario, autor, obra, data.
- b) Contexto histórico-social, literario...
- c) O autor e a súa obra

### 3. Interpretación

- a) Asunto, tema e punto de vista (lírico ou narrativo)
- b) Estructura: Núcleos e relacións.  
Na narrativa: Personaxes, espacio, tempo e discurso.
- c) Linguaxe
  - Nivel Semántico
    - i. cadeas léxicas
    - ii. connotación [Ton]
    - iii. artificios literarios
  - N. Morfosintáctico
    - i. elementos gramaticais
    - ii. oracións [Dinamismo expresivo]
    - iii. artificios literarios
  - Nivel Fónico
    - i. Na poesía: medida e rima
    - ii. artificios literarios

### 4. Valoración - Resumo e conclusións

#### Explicación de algúns aspectos do esquema de comentario:

**a) Asunto e tema.** Os elementos denotativos, de interpretación "literal", ofrécennos o asunto do texto: trátase de reducir as ideas expresadas aos seus compoñentes básicos. A continuación cómpre clarificar o tema, é dicir, a idea central que sintetiza a intención do autor e a súa cosmovisión, que podemos percibir nos valores connotativos do texto. A expresión do tema dunha forma clara, breve e exacta é cuestión fundamental.

#### Punto de vista

Na comunicación literaria debemos distinguir dous tipos de emisores e receptores:

	EMISOR → MENSAXE → RECEPTOR
REALIDADE	AUTOR → TEXTO → LECTOR
FICCIÓN	ENUNCIADOR → ENUNCIADO → ENUNCIATARIO (voz poética) (ti lírico)

A comunicación que se realiza na realidade entre o autor e o lector a través do texto, non debe confundirse coa que no plano textual (ficción literaria) se produce entre o suxeito da enunciación e o enunciario. Por esa razón, frases como "Neste poema a Rosalía di..." ou "Estes versos transmiten a soidade do poeta" son inesactas. Con propiedade deberíamos dicir "Neste poema a voz poética di..." ou "Estes versos transmiten a soidade do suxeito lírico".

Chamámoslle **eu lírico ou eu poético** á primeira persoa que asume a enunciación do texto poético. Esta primeira persoa pode identificarse en ocasións co autor, pero tamén pode corresponder a un personaxe enunciador creado polo poeta (**eu escénico**). En calquera caso, a súa presenza implica a subxectivización do discurso poético: o texto vai transmiternos os sentimentos, ideas e experiencias filtrados a través da súa vivencia persoal. As marcas textuais desta voz poética son os pronomes e formas verbais en primeira persoa, así como os demostrativos, posesivos e deícticos referidos á estera do *eu*. Se estes sinais están ausentes do texto dicimos que o eu poético está latente, isto supón distanciamento e maior obxectividade. O eu poético pode aparecer formando parte dun **eu plural** que engloba ao oínte e a terceiras persoas.

"Fomos ficando sós

O mar o vento e mais nós."

O destinatario poético recibe o nome de **ti lírico (apóstrofo)**. A súa presenza explícita non é imprescindible para lograr a verosimilitude da comunicación poética. Cando aparece, as súas marcas textuais son os pronomes e formas verbais en segunda persoa e demostrativos, deícticos propios da esfera do *ti*. O destinatario pode ser tamén plural (vós). Cando está presente no texto, o poema reproduce un xogo dialoal, en que a voz poética finxe direxirse a un oínte, reforzándose a función conativa do

texto mediante apelacións ao ti. Unha posibilidade deste xogo é o desdoblamento do eu ou **eu especular (imaxe no espello)**, cando a voz poética se direxe a si mesma converténdose en destinatario da enunciación, o que lle permite ao mesmo tempo ser suxeito e observador da experiencia.

“*Habitas en rúas de medo e buscas*

en cada neno que *cruzas* aquel neno que *fuches*.” (Xulio L. Valcárcel)

O poema pode carecer totalmente de marcas da primeira ou segunda persoa. Predomina como suxeito lírico unha **terceira persoa** referencial, allea ao proceso comunicativo. Prodúcese un distanciamento máximo entre a voz poética e o enunciado, ao transformarse o suxeito da enunciación en simple observador, que describe unha realidade externa con suposta obxectividade.

Estamos entón ante poemas descritivos ou narrativos:

“Zoa na carballeira

Algo que non é o vento.

Abren súas sombras as áas.

O da chegada é o tempo. (María Mariño)

**b) e c) Estructura e linguaxe.** A forma de organizarse o tema no texto, en núcleos independentes, pero relacionados entre si, cumprindo diversas funcións que poden ser de situación espacial ou temporal, de contraste, de ampliación, de intensificación... é o que conforma a súa estrutura. **No caso da narrativa**, é preciso analizar, ademais, **os personaxes, o tratamento espacio-temporal e os modos do discurso**.

A continuación debemos examinar a lingua empregada no texto, nos niveis semántico, morfosintáctico e fónico. Débense comentar só os aspectos que sexan funcionalmente significativos, é dicir, os que se poidan poñer en relación co asunto e o tema do texto.

No **nivel semántico** analizaremos as cadeas léxicas (substantivos, verbos e adxectivos) e os seus valores connotativos (significados asociados a esa palabra), que contribúen a crear o ton do texto: sombrío, melancólico, optimista, reflexivo, máxico ou irreal... E de seguido centraremos a atención na localización e comentario dos artificios literarios deste nivel: metáforas, epítetos, etc.

No **nivel morfosintáctico** examinaremos a frecuencia ou ausencia significativa dos elementos gramaticais e das oracións simples e compostas. E unha vez realizado este estudio determinaremos o dinamismo expresivo do texto: positivo, pleno de viveza expresiva, se predominan os elementos nucleares (substantivos e verbos) e as oracións simples; negativo, cun efecto de lentitude, se priman os elementos modificadores (adxectivos e adverbios) e a subordinación. Sen embargo, os artificios literarios deste nivel (paralelismo, hipérbato, polisíndeto...), que tamén compre localizar e comentar, poden matizar o dinamismo expresivo. Así, por exemplo, un poema no que predominen os substantivos, verbos e oracións simples é posible que teña, con todo, un dinamismo expresivo negativo, lento, debido a presenza de numerosos paralelismos e outras figuras de repetición.

No **nivel fónico** estudiaremos a métrica e rima (na poesía) e os artificios literarios baseados na sonoridade (aliteración, onomatopea...).

É o paso final do comentario e supón unha **conclusión** do mesmo, descubrindo a súa esencia simbólica (o que nos quere transmitir o outor/-a) e recoñecendo o seu sentido histórico, social e literario.